

A sección onde  
deixares [as túas  
opinións](#),  
comentarios ou  
suxestións e  
debater con outros  
internautas.

Consulta no  
[directorio de  
Vieiros](#) as páxinas  
sobre literatura,  
editoriais e  
librarías

## Drama na Galicia irmandiña

[16/11/2009 09:48] por **Manuel Rodríguez Alonso**

*Unha primavera para Aldara*

**Teresa Moure**

Xerais, Vigo, 2009. 240 páxs., 10,45 €

A muller guerreira disfrazada de home é un tipo da literatura, como tamén o é o da monxa. A obra de teatro de Moure parte destes dous tipos literarios para situalos na Galicia da revolta irmandiña e tratalos dun xeito persoal e facelos portadores de ideas e sentimentos máis propios da actualidade ca da Idade Media.

A mestura, polo bo tino da autora, funciona ben e a obra non só informa sobre a historia, senón que ademais fai pensar sobre temas de actualidade que van desde a crueldade de calquera guerra, mesmo as que se titulan xustas, ata a violencia de xénero.

A obra presenta unidade de lugar pois transcorre toda ela nun convento de monxas na Galicia da revolta irmandiña. Este ambiente pechado de mulleres vese alterado pola chegada dun cabaleiro que loita a prol da revolta irmandiña: don Nuno. A chegada do cabaleiro ferido fará que se dispare a acción na obra, cando a abadesa Aldara decida acollelo nun medio onde só hai mulleres. Por outra banda, o ambiente pechado de mulleres e exclusivamente feminino do convento fainos pensar na situación semellante de *La casa de Bernarda Alba*, en que nun medio totalmente feminino a chegada dun home desencadea a acción.

Mais o cabaleiro que chega ao convento é realmente unha muller disfrazada de guerreiro. Deste xeito, con gran sutileza ao noso entender, a acción do drama desbota a idea do home como motor da acción, porque a acción continúa, malia saber Aldara que Nuno non é Nuno, senón Nuna, unha muller disfrazada de home. Nun drama convencional a acción xa estaría esgotada. Mais o drama continúa polo namoramento entre Aldara e Nuna. Xeito sutil, mais moi acertado, de desbotar o tópico machista do home como motor da acción.

O amor de Aldara-Nuna transcorre entre a defensa da casa irmandiña por parte de Nuna e a posición pacifista de Aldara, que sostén que toda guerra é mala e non se resolven as inxustizas pola guerra e mesmo desmitifica a causa irmandiña, pois, de triunfar, posiblemente non fixera outra cousa que substituír uns explotadores, os nobres, por outros, os servidores do poder do rei. Ademais, xa no remate do drama, Aldara sostén que non se resolve a inxustiza coa violencia e coa guerra, que só trae morte e todo aquel que pasa por unha guerra acaba deshumanizado, por moi nobre que pense que é a causa pola que loitou.

Os monólogos de Aldara perante o cadáver de Nuna morta na guerra irmandiña son, neste sentido, unha verdadeira declaración de principios e valores sobre a inutilidade da guerra, un canto á procura da felicidade cotiá ou á verdadeira liberdade que moitas veces non se acada cos grandes feitos e palabras altisonantes das grandes revolucións, senón asumindo no día a día valores como a defensa do maltratado concreto –como fai Aldara coa Elvira mallada polo seu marido–, acollendo a monxa leiga que tivo unha filla ou esixindo a súa propia felicidade con Nuna. Por outra parte, non deixa de criticar a postura de Nuno que pensa que vai ser feliz porque asume a condición de home, de guerreiro e os seus valores bélicos e violentos. Igualmente acertada é a presentación desmitificadora da Idade Media ou da revolta irmandiña, da figura de Pardo de Cela, da doutrina machista dos Padres da Igrexa ou de San Tomé, a cobiza dos bispos ou mesmo do papel que as cantigas de escarnio ou a propia lírica cortesá, sempre tan gabada, tivo como superestrutura cultural que transmitía uns valores non sempre positivos.

Acerta a autora no tipo de lingua que emprega usando un rexistro culto e cunha vontade de estilo de fuxir, especialmente na sintaxe, do común co castelán como acontece na colocación do pronome despois de preposición e ante formas de xerundio ou infinitivo, no emprego do infinitivo conxugado ou mesmo na utilización de pretérito imperfecto de subjuntivo. Tamén acerta no emprego do *el* enfático nas interrogacións ou na ausencia da preposición *a* con complemento directo de persoa. Son trazos do galego que están a esquecerse pola influencia esmagadora do castelán.

Non obstante na lingua da autora advertimos algúns erros, que nos parecen inexplicables, máxime cando parece que é filóloga de profesión. Emprega *colmar* por ‘encher’ (páx. 10) ou usa a expresión *en torno*. Iso é propio de galego de corrector ortográfico, pois *colmar* é correcto como *cubrir de colmo* ou *en torno* como combinación, mais non como expresión. Moi criticables son tamén os casos de empregos incorrectos de *te/che:non te chamei mentireira* –páx. 26–; *por que te recacha a saia* –páx. 168–; *cravarante unha lanza no costado* –páx. 159. Como adoita ser xa habitual en moitos escritores galegos



a autora usa incorrectamente o reflexivo en oracións como *Tapándose de novo a cabeza coa touca* –páx. 68- ou *vaise sacando os peitos* –páx. 49-. Non faltan mesmo erros no léxico como o emprego de *cuadra* no canto de [i]corte –páx. 155- ou *planear* no canto de *planar* –páx.94-. Tamén resulta rechamante o descoñecemento do emprego de *cómo/coma*: *as cousas serán coma nós digamos* –páx. 99. Debería así mesmo a autora pór coidado no emprego correcto dos réximes dos verbos. Así *escorregar* non é transitivo (*escorregar isto*, páx. 25), *esquecer* como pronominal esixe complemento de réxime e non complemento directo (... *me esquecín isto...*, páx. 84), *rir* para levar complemento de réxime debe ser pronominal (*irá de min*, páx. 232). Esperemos que en futuras edicións a obra sufra unha revisión lingüística que corrixa estes erros que desloquen unha, por outra parte, boa calidade lingüística.

A obra publícase nunha colección, *Fóra de xogo*, destinada a un público xuvenil, mais non é literatura xuvenil, senón literatura para todas as idades. Non obstante, é acertada a inclusión nesta colección xuvenil, pois cómpre comezar a habituar os nosos mozos a ir ao teatro e bo comezo pode ser a práctica do teatro lido. Por outra parte, a mensaxe feminista, de tolerancia, desmitificadora e antibelecista fai a obra adecuada para os centros de ensino secundario, aínda que nalgúns, especialmente privados e concertados, poida traerlles problemas aos profesores que a prescriban polo ultraconservadorismo de moitos destes centros.

#### COMENTARIOS:

Hai 0 comentarios para esta nova. [Le os comentarios e participa](#)

#### \*\*\*\*\* OUTRAS NOTICIAS

- ❑ [Na memoria está a dignidade](#)
- ❑ [Penélope reinterpretada](#)
- ❑ [A novas Auria/Oria](#)
- ❑ [Novela prescindible](#)
- ❑ [Viaxe polos vieiros da imaxinación](#)
- ❑ [Crime sen castigo](#)
- ❑ [Na procura das orixes](#)
- ❑ [Un atasco entretido](#)